



ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA

Boletín Informativo: 1/2023

Estimada veciña, estimado veciño:

O Alcalde- Pedáneo informa de diferentes obras que se están a desenvolver no Monte de Utilidade Pública Agüeiros N°1.

- A primeira obra realizase **con cargo ao fondo de mellora** (resultante do 40% que se reten para o monte das cortas).

Esta obra foi **licitada por 41.928,12 €** a empresa EMDESFOR 2002 S.L., para realizar traballos nun **total de 18,42 Ha**

As obras consistirán: na roza, rareo , tratamentos contra acacias e eucaliptos e na **reboación de Pino Pinaster** (onde non exista rexenerado).

Os rodais afectados serán: o **rodal da Arosa** (campo de fútbol) , un rodal onda o **cortalumes con Corrigatos** (Petróglifo Pedra da Grade), e pequenos puntos de repoboamento ou tratamento de acacias.

- A segunda obra realizase cunha **subvención da Unión Europea, a través da Xunta de Galicia.**

Esta obra foi licitada por un **importe de 78.928,12€** a empresa Redenor S.L., para actuar nun total de **28,10 Ha.**

As obras consistirán na roza, rareo, poda e tratamento contra acacias e eucaliptos.

Os rodais afectados son: O rodal **de enriba de Badoucos** ata a **estrada da Arosa**, un rodal **enriba do cemiterio novo**, o **cruce San Martiño – Arosa**, e un rodal **na Bouza do Rei.**

Con estas obras, a **superficie total** na cal se realizaron obras nestes 4 anos ascende a **85ha** cun importe próximo a **200.000€ de inversión no monte**.

Todos os restos das obras poderán ser recollidos pola veciñanza, sempre cumprindo as indicacións das empresas. **Pola semana** non se poderá acceder aos rodais mentres estean traballando. **O ACCESO SÓ ESTARÁ PERMITIDO A PARTIR DAS 16:30H**, sábados, domingos e festivos poderá accederse a calquera hora.

Aproveitando estas obras de repoboación, dende a Entidade, invítase:

A TODAS AS VECIÑAS E VECIÑOS, SOBRE TODO ÁS NENAS E NENOS, A PARTICIPAR NUNHA XORNADA DE PRANTACIÓN DE PINO

Lugar : Rodal Campo de fútbol da Arosa.

Data: Domingo 19 de marzo (día do pai)

Hora ás 11:00H.

Un saúdo

En Arcos da Condesa, a 9 de Marzo de 2023

O Alcalde- Presidente da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa

José Francisco Alonso Gómez

